

Aventuras na web, un modelo de traballo colaborativo en Internet:

Os Wikis

CFR de Carballo

22-24 de setembro, 2009

Jesús Arribi Vilela (jesusav at edu.xunta.es)

Estrutura do curso (9 horas)

- Parte I: introdución
 - Que son os wikis
 - Significado de colaboración
 - Colaboración nos novos escenarios da sociedade a través das TIC
 - Cambio de metodoloxía e mellora nas formas de colaboración nos mozos e mozas
 - Que podemos facer cos wikis
 - Aspectos básicos
 - Adxuntar documentos
 - Imprimir páxinas
 - Versións e cambios
 - Problemas reais resoltos con wikis
 - A Wikipedia, o wiki por excelencia
 - Actividade práctica

Estrutura do curso

- Parte II: como construír o noso propio Wiki
 - Onde aloxalo
 - Creación de contido
 - Ligazóns, categorización e etiquetado (tagging)
 - Aspectos de deseño
 - Actividade práctica
- Parte III: promoción, xestión e mellora do Wiki
 - Atraer a usuarios
 - Creación de comunidades
 - Software para Wiki
 - Actividade práctica

Estrutura do curso

- Prácticas
 - Actividade I: Wikipedia
 - A costa da morte na Wikipedia
 - Creación de contas de usuario
 - Editar entradas sobre a Costa da Morte
 - Actividade II: creación dun Wiki propio
 - Patrimonio histórico cultural da costa da morte
 - Actividade III: outras ferramentas colaborativas
 - Mr. Wong
 - Delicious

Que son os wikis

Definición de **colaborar** segundo a RAE:

(Do lat. Collaborāre):

*Traballar con outra ou outras persoas na realización dunha obra.
Axudar con outros ao logro dalgún fin.*

Que son os wikis

- Un Wiki é un **sitio web colaborativo**
- Os usuarios dun Wiki poden editar o contido dun sitio web **fácil e rapidamente** (WikiWiki significa «rápido» en hawaiano)
- Úsase a través dun navegador web
- Cando alguén edita unha páxina Wiki, os seus cambios aparecen **inmediatamente** na web
- O contido do Wiki está nun **espazo compartido** e, por tanto, a propiedade é colectiva
- A **comunidade** dun Wiki pode variar dende unhas poucas persoas ata milleiros de participantes, como é o caso da enciclopedia online, Wikipedia

Que son os wikis

- Para construír un Wiki **non é necesario ter coñecementos técnicos** pero si implica un **cambio metodolóxico** no traballo
- O que un usuario aporta pode ser complementado e mellorado por outro membro do grupo
- As aportacións non teñen que ser conceptos complexos e moi elaborados, senón que poden ser ideas simples que se irán completando co traballo de toda a comunidade
- No grupo non existe unha relación **vertical** entre os seus membros, senón totalmente **horizontal**
- A comunidade son creadores de contido pero tamén son usuarios do Wiki (por cada persoa que escribe contido nun Wiki hai decenas ou centos de usuarios que o len)

Que son os wikis

- O que publicamos nun Wiki é información que queremos compartir con outros
- **Ward Cunningham**, o creador do concepto de Wiki, estaba interesado en facer chegar ao maior número de persoas posibles a idea de **creación colaborativa**, ata o punto de que nin sequera a patentou
- Neste sentido, un Wiki segue as pautas básicas doutros proxectos de **software libre** (programas de uso gratuíto que poden ser modificados por calquera) baseados na cultura da innovación colaborativa

Que son os wikis

- Un dos aspectos máis importantes dos wikis é a posibilidade de crear páxinas sen contido definitivo
- Estas páxinas poden conter ligazóns a outras páxinas aínda baleiras que serán completadas máis tarde, por ti ou por outros!
- Isto permite que as ideas flúan creando índices e ligazóns a conceptos sobre os que se pode traballar no futuro mediante a creación de información participativamente

O que NON son os wikis

- Os wikis non son **listas de correo-e**
 - Comparten algunhas propiedades (créanse facilmente, hai unha comunidade de usuarios, etc.) pero non hai un sitio común onde crear colaborativamente
- Os wikis non son **blogues**
 - Os blogues están orientados á comunicación “un-con-moitos” no canto de “moitos-con-moitos”
- Os wikis non son **foros de discusión**
 - Os usuarios dun foro só poden facer preguntas e responder pero non modificar o aspecto e estrutura das páxinas
- Os wikis non son **sistemas de xestión de contidos** (CMS)
 - Os CMS Son máis xenéricos e pechados cos wikis

Características dun Wiki

- As páxinas teñen que estar nun repositorio central compartido
- Calquera pode editar páxinas
 - Os Wikis son flexibles o que significa que unha páxina pode cambiarse en función das necesidades e non só por un experto ou administrador
- A edición debe ser sinxela e non debe requirir ferramentas especiais para traballar
 - O Wiki debe ser simple posibilitando aos neófitos unirse ao proxecto e empezar a crear páxinas rapidamente
- Formatar páxinas ten que ser máis doado que con HTML
- Debe existir algunha ferramenta de control de cambios e para ver as modificacións recentes

Como montar un Wiki

- Para ter un wiki hai dúas posibilidades:
 - **Instalar o programa nun servidor propio.**
Require coñecementos técnicos e era a única opción posible ata o ano 2006
 - **Utilizar un dos moitos servizos dispoñibles na web.** A día de hoxe existen empresas que ofertan sitios Web para aloxar Wikis (JotSpot, WikiSpaces, Wikia, PBwiki, XWiki, BluWiki, Fluxent, etc.) en moitos casos gratuitamente. O único que hai que saber é como editar as páxinas pero non se precisan coñecementos técnicos

O que nos permite un Wiki

- Editar texto existente
- Crear páxinas novas
- Crear ligazóns internas e externas
- Adxuntar documentos
- Imprimir páxinas
- Backlinks ou retroligazóns
 - Permiten ver as páxinas que enlazan cunha determinado artigo
- Notificación de cambios
 - Envíase unha alerta cando se produce un cambio nunha páxina vixiada
- Busca de artigos
- Control de versións e cambios automático
 - Así sempre poderemos restaurar a versión previa

Problemas reais resolto con Wikis

- Creación colaborativa de apuntes no **IES San Clemente**:
 - <http://informatica.iessanclemente.net/manuais/>
- Wiki para a tradución de software de **mancomun.org**
 - <http://wiki.mancomun.org/>
- **Wiktionary** é un dicionario online colaborativo con máis de 300.000 entradas en 400 idiomas distintos
 - <http://es.wiktionary.org>

Problemas reais resolto con Wikis

- Wikis educativos
 - <http://www.curriki.org/xwiki/bin/view/Main/WebHome>
 - <http://es.wikiversity.org/wiki/Portada>
 - <http://portales.educared.net/wikillerato/Portada>
- Wikitravel guías de viaxes editadas por wikiviaxantes:
 - <http://wikitravel.org/es/Portada>

Problemas reais resolto con Wikis

- Buscadores de Wikis
 - <http://wikiindex.org>
 - http://meta.wikimedia.org/wiki/List_of_largest_wikis
 - http://en.wikipedia.org/wiki/List_of_wikis
- Ou simplemente poñendo nun buscador, como Google ou Yahoo!, a temática que nos interese seguida da palabra wiki, por exemplo “Educación wiki”



WIKIPEDIA
The Free Encyclopedia

A Wikipedia

- No ano 2001 apareceu a enciclopedia online Wikipedia
- A razón do éxito da Wikipedia é precisamente que funciona como un Wiki, colaborativamente
- Calquera pode editar unha entrada para melloralala, ou incluso crear novos artigos
- Para facernos unha idea do tamaño do proxecto podemos visitar a seguinte ligazón:
 - [http://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Estado de los artículos](http://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Estado_de_los_articulos)

Enciclopedia británica online	Wikipedia
Fundada no século XVIII.	Fundada no século XXI.
Os colaboradores son expertos nos seus campos.	Os colaboradores son voluntarios.
Inclúe hiperligazóns a outros artigos dentro da propia enciclopedia ou fora.	Inclúe hiperligazóns a outros artigos dentro da propia enciclopedia ou fora.
Os artigos revísanos outros expertos.	Os artigos revísanos os lectores que non son necesariamente expertos.
Os artigos adoitan a ser imparciais	Os artigos poden ser parciais, especialmente cando se publican por primeira vez.
Os cambios son pouco frecuentes.	Os cambios son constantes
Actualízase anualmente.	Actualízase constantemente.
A información borrada desaparece	A información borrada sempre está dispoñible para revisala
Preto de 12.000 artigos	Preto de 1.000.000 de artigos
Ás veces non recolle artigos sobre temas que che interesan	Frecuentemente recolle artigos do máis diverso e peculiar
Dispoñible en 4 idiomas	Dispoñible en 28 idiomas

A fundación Wikimedia

- A visión da Fundación Wikimedia é a seguinte:

*Imaxina un mundo no que todo ser humano poida compartir
libremente a suma de todo o coñecemento.
Ese é o noso compromiso.*

A fundación Wikimedia

- É a organización matriz de Wikipedia, Wikinoticias, Wikcionario, Wikibooks, Wikiquote, Wikisource, Wikicommons, Wikispecies e a Wikiversidad
- É unha organización sen ánimo de lucro
 - A súa misión é facultar e animar á xente de todo o mundo a reunir e desenvolver contido educativo neutral baixo unha licenza de contido libre ou no dominio público, e a difundila de maneira efectiva e global
 - A Fundación creará e manterá o contido educativo dos seus proxectos en Internet sen cargo algún a perpetuidade

É fiable a Wikipedia?

- En decembro de 2005, a prestixiosa revista científica Nature publicou os resultados dun estudo comparando a veracidade da Wikipedia coa da Enciclopedia Británica
- Os investigadores concluíron que o número de erros, omisións ou sentenzas incoherentes non era moi diferente entre ambas as dúas: a Wikipedia tiña 162, e a Británica 123

É fiable a Wikipedia?


- Os creadores da Wikipedia son os primeiros en admitir que non todas as entradas son fiables
- Algúns puntos a considerar son:
 - Busca a obxectividade, se un artigo ten unha única fonte e non ten referencias externas, desconfía
 - Incluso se ten fontes externas comproba que reforzan o punto de vista do artigo
 - Na medida do posible investiga se o autor ou autores son expertos nese tema
 - Empeza na Wikipedia pero completa a túa investigación con outras fontes. A Wikipedia pode ser un bo punto de partida pero non exclusivamente a fonte principal do teu traballo

É fiable a Wikipedia?

- No ano 2004, os fundadores da Wikipedia organizaron un Comité de Arbitraje para clarificar artigos controvertidos (**flames**):
 - O caso de Rianjo na Wikipedia:
<http://es.wikipedia.org/wiki/Rianxo>
- Actualmente estase mellorando a calidade:
 - Sistema de reputación de autores a través dun sistema automático de marcado de cores:
WikiTrust
 - Os cambios en textos sobre persoas vivas son revisados por un editor propio

Portal da comunidade da Wikipedia

- A Wikipedia baséase na acción colectiva
- O portal da comunidade da Wikipedia é un fantástico punto de encontro para atopar colaboradores, tarefas por facer, así como descubrir os últimos proxectos da comunidade



Violación dos dereitos de autor

- Este é un tema co que hai que ter especial coidado
- Hai que fixarse nas licenzas dos materiais que usemos...
- ...e baixo que licenzas liberamos os nosos traballos
- Unha licenza define unhas determinadas condicións de uso, copia, garantías, etc.
- Existe un movemento apadriñando as licenzas libres coñecido como **copyleft**

Licenzas máis usadas

- As licenzas máis usadas no mundo libre son:
 - GFDL (Licenza de documentación libre de GNU)
 - Licenza Creative Commons (www.creativecommons.org)
- Asistente para escoller unha licenza para a nosa obra:
 - <http://creativecommons.org/choose/>

Como construír o noso propio Wiki

The 5th Wave

By Rich Tennant



- Para ter un wiki hai dúas posibilidades:
 - Instalar o programa nun servidor propio
 - Utilizar un dos moitos servizos dispoñibles na web

Como construír o noso propio Wiki

- Se a oferta é tan variada, cal escollemos?
<http://www.wikimatrix.org>
 - Permite facer comparativas entre diferentes programas para crear Wikis
 - Contén un asistente que nos axuda a escoller o mellor Wiki segundo as nosas necesidades

Características a ter en conta

- Facilidade de uso
- Invitación de usuarios e límites
- Espazo de almacenamento
- Público ou privado
- Protección de páxinas
- Custe
- Personalización
- Número de Wikis
- Exportación de datos

Promoción do Wiki

- Non confundas ao teu público obxectivo
 - Escolle un título o máis específico posible
- Delega e crea comunidade
 - Un Wiki dunha soa persoa pode ter sentido para elaborar un *portfolio* pero pouco máis
- Implícate a ti mesmo
 - Non esperes crear catro páxinas e que os demais as actualicen
- Non fagas spam para darlle publicidade
 - Os Wikis constrúense creando redes sociais non con usuarios amolados vítimas do spam

Promoción do Wiki

- Non esperes audiencia inmediata
 - Para que a xente perciba que o Wiki contén información fiable debe pasar tempo
- Fai un deseño simple
 - Constrúe unha estrutura en árbore aínda que non estea completa
- Promove a colaboración

Software de instalación de Wikis

- MediaWiki
 - O máis popular. É o que usa a Wikipedia
- DokuWiki
 - Interesante para crear documentación técnica
- TiddlyWiki
 - Para ter un Wiki no teu computador
- TWiki
 - Para crear Wikis avanzados